

Láncara

Lois Diéguez falou sobre o significado do “Día das Letras Galegas” no colexio da Póboa

Láncara

Manuel Rodríguez López

No salón de actos do Grupo Escolar “Concepción Arenal” da vila do Neira, celebróuse, por cuarto ano consecutivo o “Día das Letras Galegas”, organizado polo Claustro de Profesores e o Consello Escolar que foron moi felicitados pola calidade e variedade das actuacións interpretadas polos alumnos.

Nesta ocasión, o conferenciante invitado foi o escritor Lois Diéguez, quen falou sobre o significado do “Día das Letras Galegas”, “efectivas a través da súa historia en colexios públicos como o da Póboa —dixo— por ser o equipo directivo e os propios alumnos os que plasmaron no seu traballo a realidade do idioma e a cultura galega”. Noutro intre da súa disertación, o escritor suliñou que “a defensa do noso idioma e da nosa cultura é a defensa do pobo” e, tras facer unha análise da obra de Francisca Herrera Garrido, findou coas seguintes palabras moi aplaudidas polo numeroso público que enchía o local: “Esta xeneración aquí presente, formada por nenos e nenas de pouca idade é a que fará realidade a Galicia próspera e de seu”.

Tralas interpretacións de danza, teatro, dos gaiteiros e da coral dirixida polo asesor relixioso do Centro, Ricardo Valcarce, os representantes dos Concellos de Láncara, O

Corgo e o alcalde do Páramo, Manuel Vázquez Rivas, Xosé Luis Rodríguez Losada e Gumersindo A. Rodríguez Liz, fixeron entrega de 25.000 pesetas cada ún como axuda para a excursión de final de curso. Ademais, o representante de Láncara regalou unha gaita galega e o do Páramo un tamboril para o grupo de gaitas do Colexio e Lois Diéguez donou un exemplar da súa novela, premio Eduardo Blanco Amor, “A canción do vagamundo”, para a Biblioteca.

O acto rematou coa intervención de Rodríguez Liz, que despois de facer unha breve referencia a Francisco Herrera, Enrique Alvarellos e Lois Diéguez, pediu: “que estes exemplos sirvan de guía e lección para que todos xuntos academos unha Galicia de maior relevancia no concerto dos diversos pobos”.

Mostra

A seguido, inaugurouse a “II Mostra de Traballos Escolares”, para rendir homenaxe —manifestou o director do Colexio, Xaime Lago Rodríguez—, ás Letras Galegas, para que tódolos nenos demostran a súa creatividade e para que a comunidade educativa se sensibilice cos problemas deste Grupo Escolar onde 24 profesores atenden 523 alumnos dunha extensa comarca que comprende varias parroquias de tres Concellos diferentes”.